

DEREITO DA SEGURIDADE SOCIAL

BELÉN FERNÁNDEZ DOCAMPO

Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Vigo (España)

belendocampo@uvigo.gal

DOUTRINA XUDICIAL DO TS

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Social), do 12 de setembro de 2024 (recurso de casación para a u.d núm. 1119/2024).

RESUMO: O Tribunal Supremo resolve un recurso de casación para a unificación de doutrina interposto polo INSS en torno á posible compatibilidade entre o complemento por maternidade por aportación demográfica (art. 60 LGSS, redacción orixinal) e o complemento para a redución da fenda de xénero. O conflito xorde ao determinar se ambos proxenitores poden percibir simultaneamente ditos complementos cando derivan dos mesmos fillos, e en que condicións. O Alto Tribunal interpreta que a Disposición Transitoria 33ª da LGSS admite a minoración dun deles cando se recoñece o outro.

NORMAS APLICADAS:

Art. 60 e DT 33ª LGSS.

Art. 219.1 LRXS.

A sentenza obxecto de análise aborda unha cuestión litigiosa que xerou unha notable controversia xurisprudencial, como evidencian as múltiples resolucións contraditorias ditadas por distintas Salas da orde social. Nela, o Tribunal Supremo pronúnciase sobre a compatibilidade entre o antigo

complemento por maternidade por aportación demográfica — creado como incentivo natalista en 2016 e concibido inicialmente só para mulleres— e o novo complemento para a redución da fenda de xénero, introducido en 2021 tras a condena do TXUE polo seu carácter discriminatorio. Esta resolución, ditada no marco dun recurso de casación interposto polo INSS, non só resolve un conflito técnico sobre a concorrencia de prestacións, senón que reabre o debate sobre como debe xestionarse xuridicamente a transición entre dous réximes prestacionais sen menoscabar dereitos xa recoñecidos.

Para comprender a resolución do TS, é necesario reconstruír os antecedentes do litixio. O 7 de xullo de 2022, o Xulgado do Social nº 2 de Ferrol estimou parcialmente a demanda interposta por Don Edmundo contra o INSS e a súa esposa, Dona Amparo, declarando que aquel tiña dereito ao complemento por aportación demográfica conforme ao artigo 60 da LGSS. Non obstante, acordouse unha dedución na contía a partir de febreiro de 2022, data na que a súa esposa comezou a percibir o novo complemento pola fenda de xénero. Don Edmundo recorreu en suplicación ante o TSX de Galicia, que estimou o recurso e revogou a sentenza do xulgado, ordenando o aboamento íntegro do complemento, sen dedución ningunha. O TSX de Galicia considerou que a redución suporía unha afectación ilexítima dun dereito previamente consolidado.

O INSS, en desacordo con esta interpretación, interpuxo recurso de casación para a unificación de doutrina, alegando contradición coa Sentenza do TSX de Asturias do 3 de maio de 2022 (recurso de suplicación núm. 406/2022), na que se resolveu que o esposo debía deixar de percibir o complemento por aportación demográfica desde o momento en que a súa esposa comezase a cobrar o novo complemento pola fenda de xénero, para evitar duplicidade na percepción polos mesmos fillos.

Admitida a contradición, o TS entra a resolver sobre o fondo da cuestión. O foco da controversia reside na procedencia da aplicación da DT 33ª da LGSS, respecto da cal, invocando a Sentencia do TC 27/1981, de 20 de xullo (rec. 38/1981), refírese á dificultade de que as novas leis non afecten a

situacións xurídicas preexistentes, xa que estas forman a base das novas relacións legais. Por iso, inclúense precaucións transitorias para regular o paso do sistema antigo ao novo. Esta doutrina aplícase á DT 33ª, segundo a cal, se ambos proxenitores teñen dereito ao complemento, seguirano cobrando.

Porén, o TS matiza que iso non implica que se perciban ambos complementos de forma íntegra, senón que unicamente se establecen os requisitos para a súa convivencia ordenada. Non se elimina o dereito, senón que se axusta a contía para evitar duplicidades polo mesmo ou mesmos causantes. Segundo o TS, este sería o fundamento único da DT 33ª da LGSS, e o motivo último da estimación do recurso de casación interposto. "En consecuencia, o recoñecemento do complemento pola fenda de xénero da nai afecta á contía do complemento por maternidade por aportación demográfica do pai, que deberá ser minorado na contía concurrente".

Resulta conflitivo e ambiguo o feito de que a sentenza afirme que os beneficiarios do antigo complemento non se verán afectados polo novo réxime, e acto seguido sosteña que si se producirá unha minoración da contía se xorde outro beneficiario. Esta contradición semántica e xurídica xera confusión e inseguridade xurídica, xa que o cidadán que accedeu legalmente a unha prestación baixo unhas regras vixentes vese afectado por un réxime posterior sen que exista unha disposición legal expresa que ordene esa redución.

A construción doutrinal en favor da minoración automática do complemento podería entrar en tensión co principio de seguridade xurídica, ao quedar o réxime antigo subordinado ao novo, unha subordinación que o tribunal denomina "convivencia ordenada". Apréciase certa incoherencia argumentativa que desvirtúa a función protectora das disposicións transitorias e a protección dos dereitos adquiridos.

Un dos aspectos máis problemáticos da sentenza é a ausencia dunha análise explícita de proporcionalidade. O Tribunal non se pregunta se a redución do complemento anterior é unha medida necesaria, adecuada e equilibrada. Tampouco considera alternativas menos lesivas como un prorrateo entre

beneficiarios, a fixación de límites máximos ou unha compensación económica.

Por outra banda, ambas prestacións responden a fundamentos xurídicos distintos e non excluíntes: o complemento por aportación demográfica recoñece o esforzo social e económico de ter fillos, mentres que o complemento pola fenda de xénero persegue compensar a desigualdade estrutural de xénero. Polo tanto, conceptualmente non se solapan, e calquera incompatibilidade é discutible.

A fundamentación da minoración baséase unicamente nunha interpretación ampla do concepto de convivencia ordenada entre réximes xurídicos. En consecuencia, a sentenza introduce un criterio restritivo que podería considerarse carente de habilitación normativa expresa, o que debilita a súa solidez xurídica.

A sentenza enmárcase, ademais, nun contexto de forte crítica xurídica ao complemento para a redución da fenda de xénero. Numerosas resolucións do Tribunal de Xustiza da Unión Europea declararon o seu deseño orixinal como discriminatorio cara aos homes, por esixirilles requisitos máis estritos ca ás mulleres. A pesar das reformas introducidas polo lexislador español, persisten dúbidas sobre a súa adecuación aos principios de igualdade material.

Neste escenario, a decisión do TS —ao permitir que o novo complemento afecte negativamente prestacións recoñecidas con anterioridade— non contribúe a clarificar nin a corrixir as desigualdades existentes, senón que pode acentualas. Pode afirmarse mesmo que a protección de certos dereitos baixo o argumento de “xénero” se impón sobre outros sen unha xustificación sólida nin unha ponderación equilibrada, perpetuando o contexto controvertido sinalado pola xurisprudencia europea.

En definitiva, a sentenza do Tribunal Supremo resolve unha contradición xurisprudencial relevante, pero faino a custa de xerar novas incertezas xurídicas e sen esgotar a análise constitucional que o caso requiría. A interpretación da DT 33ª da LGSS introduce restricións que non están claramente recollidas na norma, o que suscita dúbidas de legalidade e proporcionalidade. Así mesmo, a ausencia dun enfoque máis sensible á igualdade real e ao contexto socioxurídico do

complemento pola fenda de xénero limita o alcance protector da resolución.

O fallo, aínda que tecnicamente coherente desde o punto de vista da lóxica interna do sistema de prestacións, queda curto en canto a xustiza material, sensibilidade constitucional e adecuación aos principios de equidade, igualdade e proporcionalidade que deben presidir as decisións xudiciais sobre dereitos sociais.

DOCTRINA XUDICIAL DO TSX DE GALICIA

Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Social) do 19 de setembro de 2024 (recurso de suplicación núm. 3655/2023).

RESUMO:

Mellora convencional das prestacións por incapacidade permanente total (IPT) derivada de accidente de traballo (AT), no marco dunha relación triangular a través de empresas de traballo temporal (ETT). Determinación do importe indemnizatorio e da entidade responsable do seu abono cando o AT ten lugar durante a prestación de servizos nunha empresa usuaria, á que o traballador foi cedido por unha ETT. A sentenza aplica o principio de igualdade de trato entre traballadores cedidos e traballadores contratados directamente, recoñecendo aos primeiros o dereito a percibir a mellora prevista no convenio colectivo da empresa usuaria, sen que proceda a acumulación de indemnizacións. Responsabilidade directa da ETT e subsidiaria da empresa usuaria, excluindo as aseguradoras máis alá da cobertura efectivamente contratada.

NORMAS APLICADAS:

Lei 14/1994, do 1 de xuño.

Arts. 3 e 5 da Directiva 2008/104/CE, do 19 de novembro.

A Sentenza da Sala do Social do TSX de Galicia que agora se comenta resolve un recurso de suplicación interposto por un traballador, D. Eulalio, fronte á estimación parcial da súa demanda por parte do Xulgado do Social núm. 3 de Ourense. O procedemento ten a súa orixe nun AT ocorrido o 29 de xullo de 2019, cando o actor prestaba servizos como peón para a

empresa usuaria Galicia Auto Estampación, SA (Rubí Estampaciones), logo de ser contratado e cedido previamente pola ETT Ader Recursos Humanos.

Como consecuencia do accidente, o traballador foi dado de baixa médica e posteriormente, o 11 de agosto de 2021, recoñeceu a súa situación de incapacidade permanente total (IPT), situación que se mantivo tras a revisión médica realizada no mes de outubro de 2022.

O traballador reclamou unha indemnización conforme ao previsto no convenio colectivo da empresa usuaria —35.000 euros para os casos de IPT derivada de accidente de traballo—, ademais da prevista no convenio colectivo das ETT —10.500 euros—. A ETT réxese polo convenio colectivo de empresas de traballo temporal e a empresa usuaria polo convenio colectivo do metal da provincia de Ourense. Pola súa parte, cada unha das mercantís integrantes da relación triangular de traballo tiña concertadas as correspondentes pólizas de seguro coas súas respectivas compañías aseguradoras: a ETT con GROUPAMA e Rubí Estampaciones con MAPFRE. O traballador-demandante formulou a súa reclamación solidariamente contra todas elas.

A sentenza de instancia ditada polo Xulgado de Ourense recoñeceu unicamente o dereito do traballador á mellora prevista no convenio da ETT, condenando a aseguradora correspondente ao aboamento dos 10.500 euros e absolvendo ao resto das entidades demandadas, incluídas a ETT e a empresa usuaria.

O traballador accidentado recorreu en suplicación, denunciando a inaplicación do artigo 41 do Convenio Colectivo da empresa usuaria —o do metal para a provincia de Ourense— e o artigo 42 do Convenio Colectivo da ETT, en relación coa normativa sobre empresas de traballo temporal: Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, e a Directiva 2008/104/CE, do 19 de novembro, relativa ao traballo a través de empresas de traballo temporal.

A Sala do Social do TSX de Galicia, semella que con atino, estima integramente o recurso de suplicación interposto e desenvolve unha extensa fundamentación xurídica baseada na recente Sentenza do TXUE, de 22 de febreiro de 2024 (asunto C-649/22), que revoga a doutrina existente ata o momento. Trátase dun procedemento prexudicial con orixe en España —TSX do País Vasco, mediante auto de 27 de setembro de 2022, recibido no Tribunal de Xustiza o 14 de outubro de 2022— sobre a interpretación e alcance do concepto de “condición esencial de traballo e emprego” contido no artigo 3 da Directiva 2008/104/CE, en relación co principio de igualdade de trato que rexe a cesión de traballadores a través de ETT e que se define tamén no artigo 3.1 da citada Directiva.

O apartado f) do artigo 3 da Directiva 2008/104/CE, do 19 de novembro, define como “condicións esenciais de traballo e emprego” as “condicións de traballo e emprego establecidas polas disposicións lexislativas, regulamentarias e administrativas, convenios colectivos e demais disposicións vinculantes de alcance xeral en vigor nas empresas usuarias relativas a:

i) a duración da xornada, as horas extraordinarias, as pausas, os períodos de descanso, o traballo nocturno, as vacacións retribuídas e os días festivos,

ii) a remuneración”.

Pola súa parte, o artigo 5.1 da norma europea dispón que “as condicións esenciais de traballo e de emprego dos traballadores cedidos por empresas de traballo temporal durante a súa misión nunha empresa usuaria serán, polo menos, as que lles corresponderían se fosen contratados directamente por dita empresa para ocupar o mesmo posto”.

En definitiva, con base, fundamentalmente, neses dous preceptos, o TXUE declara que a remuneración, en canto condición esencial de traballo e emprego sometida ao

principio de igualdade entre os traballadores das ETT e das empresas usuarias, “comprenderá todas as retribucións económicas, fixas ou variables, establecidas para o posto de traballo a desenvolver no Convenio Colectivo aplicable á empresa usuaria que estean vinculadas a dito posto de traballo”. E máis aínda, e aquí radica o elemento fundamental, “procede considerar que unha indemnización que debe aboarse a un traballador cedido por unha empresa de traballo temporal no caso de incapacidade permanente total deste para exercer a súa profesión habitual derivada dun accidente de traballo acontecido na empresa usuaria, incapacidade que tivo como consecuencia a extinción da súa relación laboral coa empresa de traballo temporal, está comprendida no concepto de condicións esenciais de traballo e emprego”, no sentido do artigo 5.1 da Directiva 2008/104, do 19 de novembro.

Seguindo literalmente a doutrina anterior do TXUE, a Sala de Galicia estima integramente o recurso do traballador accidentado por dúas razóns fundamentais: a primeira, porque “a indemnización prevista no CC da empresa usuaria para o caso de declaración de IPT (con extinción do contrato de traballo) inclúese dentro das condicións esenciais de traballo”. E a segunda, “que o traballador cedido ten dereito a esa mellora voluntaria nos termos fixados para os traballadores da empresa usuaria, coma se fose contratado directamente por ela”. Só así, conclúe a Sala do Social, se pode garantir a “igualdade de trato entre os distintos traballadores que prestan servizos en Rubí Estampaciones, ben directamente ben a través dunha ETT” (FJ SEGUNDO, último parágrafo).

Agora ben, máis alá da solidez do fallo ao recoñecer que a indemnización por IPT forma parte das retribucións económicas —fixas ou variables— previstas no Convenio Colectivo da empresa usuaria e vinculadas ao posto de traballo, a Sala galega acerta tamén na concreción dos seus efectos no litixio: isto é, na determinación da contía da indemnización e da entidade responsable do seu aboamento, todo iso conforme á normativa aplicable ás ETT e á natureza

xurídica deste tipo de melloras voluntarias da acción protectora.

– No que atinxe á contía, a Sala conclúe que o traballador accidentado ten dereito a percibir 24.500 euros adicionais aos 10.500 euros xa recoñecidos, ata acadar os 35.000 euros previstos no Convenio Colectivo da empresa usuaria para os supostos de IPT derivada de AT. Esta cifra obtense restando á mellora recoñecida polo convenio do sector do metal a xa percibida conforme ao convenio da ETT, que establecía unha indemnización de 10.500 euros.

Aínda que a sentenza non o explicita expresamente, resulta evidente que non cabe sumar ambas indemnizacións como se fosen acumulables, pois iso suporía un enriquecemento inxustificado. A finalidade da norma aplicable non é mellorar por duplicado ao traballador, senón garantir a igualdade de trato respecto daqueles que desempeñan as mesmas funcións na empresa usuaria. Neste sentido, a Directiva 2008/104/CE, do 19 de novembro, é clara: durante o tempo no que o traballador está posto á disposición, debe gozar, como mínimo, das condicións esenciais de traballo e emprego que lle corresponderían se fose contratado directamente pola empresa usuaria para ocupar o mesmo posto. En ningún caso pode interpretarse que teña dereito a acumular condicións de ambas empresas. O seu dereito é a equipararse, non a superpoñer réximes máis favorables.

– Por último, en relación coa entidade responsable do aboamento dos 24.500 euros restantes, a Sala galega conclúe que a obriga corresponde directamente á ETT, conforme ao previsto no artigo 12.1 da Lei 14/1994, que asigna á ETT a responsabilidade no cumprimento das obrigas salariais e de Seguridade Social respecto dos traballadores contratados para seren postos á disposición dunha empresa usuaria. Pola súa parte, a empresa usuaria —Rubi Estampaciones— responderá unicamente de forma subsidiaria, e só en caso de incumprimento por parte da ETT, conforme ao artigo 16.3 da mesma norma legal. Semella, polo tanto, que a actuación procesual do traballador, ao

dirixir a demanda tanto contra a ETT como contra a empresa usuaria, foi plenamente acertada, dado que ambas poden resultar responsables, aínda que en distinto grao, do aboamento da mellora indemnizatoria.

No que atinxe ás entidades aseguradoras, a súa responsabilidade queda limitada exclusivamente ao importe asegurado pola ETT. En concreto, os 10.500 euros cubertos na póliza contratada pola ETT, correspondentes á mellora prevista no seu convenio colectivo para os supostos de IPT. Non ocorre o mesmo co exceso indemnizatorio ata os 35.000 euros recoñecidos polo convenio da empresa usuaria, xa que nin foi obxecto de cobertura aseguradora por parte da ETT, nin consta póliza ningunha subscrita respecto diso. Por conseguinte, segundo o TSX de Galicia, é a ETT a que asume en exclusiva a responsabilidade directa do pagamento desa diferenza, sen que poida esixirse responsabilidade á aseguradora. Así mesmo, confírmase a absolución de Mapfre, dado que o traballador non estaba vinculado laboralmente a Rubi Estampaciones nin cuberto pola póliza contratada por esta empresa, o que exclúe calquera tipo de obriga indemnizatoria ao seu cargo.

Desde logo, a determinación da entidade responsable do aboamento da mellora indemnizatoria constitúe, sen dúbida, un dos aspectos máis tecnicamente complexos do litixio, dada a estrutura triangular propia das relacións laborais no ámbito das ETT. Neste sentido, o criterio seguido polo TSX de Galicia semella xuridicamente sólido e coherente co marco normativo vixente. Con todo, no que atinxe á responsabilidade das aseguradoras, o tema presenta arestas complexas, especialmente se se analizan os efectos prácticos que poden derivarse de esixir á ETT o aboamento dunha mellora prevista nun convenio que non lle é directamente aplicable, nin foi obxecto de previsión aseguradora. Desde un punto de vista empresarial, esta interpretación pode xerar tensións na configuración dos custos laborais e na contratación dos seguros. Porén, desde a perspectiva do traballador, o enfoque do TSX de Galicia móstrase garantista

e acorde co principio de igualdade de trato defendido pola Directiva 2008/104/CE.

Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Social) do 29 de outubro de 2024 (recurso de suplicación núm. 309/2024).

RESUMO:

Enfermidade profesional. Repartición da responsabilidade prestacional entre as entidades aseguradoras en proporción ao tempo de exposición ao risco. Non cabe excluír do cómputo os días nos que o traballador se atopou en situación de incapacidade temporal, por tratarse dunha enfermidade que se xesta lentamente ao longo do tempo de exposición e non nun momento concreto. Desestimación do recurso de suplicación de Ibermutua, que pretendía quedar exonerada de responsabilidade ou reducir a súa porcentaxe de participación nas prestacións derivadas do mesotelioma pleural causado pola exposición ao amianto.

NORMAS APLICADAS:

Art. 217 da LEC.

A cuestión debatida na presente Sentenza da Sala do Social do TSX de Galicia, do 29 de outubro de 2024, céntrase na determinación da responsabilidade prestacional de diversas entidades aseguradoras nun suposto de enfermidade profesional (EP) —mesotelioma pleural— contraída por un traballador tras décadas de exposición ao amianto. Trátase de valorar se debe manterse o reparto de responsabilidade entre o INSS e varias mutuas en proporción ao tempo de exposición ao risco coincidente co de prestación de servizos para distintas empresas, tal e como resolveu o INSS, ou se, pola contra, procede excluír do cómputo a Ibermutua, ou reducir a súa porcentaxe, pola falta de acreditación da exposición ao amianto no tempo en que o traballador estivo asegurado con esta entidade.

Juan Pedro, traballador do sector naval, foi diagnosticado en 2020 dun mesotelioma pleural derivado da exposición prolongada ao amianto ao longo da súa vida laboral. Prestara

servizos para diversas empresas desde os anos oitenta ata 2021, e estivo cuberto por distintas aseguradoras. Á vista do diagnóstico, no ano 2021, o INSS declarou en situación de Incapacidade Permanente Absoluta (IPA) derivada de EP, asignando o 60 % do custo da prestación ao propio INSS e o resto a MC Mutual (31 %) e Ibermutua (9 %). Tras o seu falecemento, recoñeceu-se á súa viúva unha pensión de viuvez e unha indemnización especial a tanto alzado, distribuíndo nos mesmos porcentaxes a responsabilidade entre as devanditas entidades. Os porcentaxes de responsabilidade fixéronse en proporción ao tempo durante o cal o traballador estivo asegurado en cada unha das empresas.

Ibermutua recorreu xudicialmente esta resolución, alegando que non existía proba suficiente de que durante o breve período de aseguramento coa súa entidade (156 días) o traballador estivese exposto efectivamente ao amianto. Indicou, ademais, que parte dese período correspondía a unha situación de incapacidade temporal (IT), o que, ao seu xuízo, debería ser descontado no cómputo.

O Xulgado do Social núm. 3 da Coruña desestimou estas pretensións e mantivo o reparto acordado, o que motivou o recurso de suplicación agora resolto.

A pretensión principal do recurso fundaméntase na falta de inscrición da empresa asegurada por Ibermutua no Rexistro de Empresas con Risco por Amianto (RERA), así como no informe dun técnico de prevención que non identificaba tarefas con exposición directa na empresa. Isto é, inexistencia dunha relación causa-efecto entre o axente causante e o dano. Porén, na instancia xa se razoara que nin a falta de inscrición no RERA nin a ausencia de proba directa abundaban para excluír a responsabilidade da mutua, sendo esta quen debía acreditar a inexistencia de exposición.

Ademais, a recorrente —Ibermutua— solicitou a exclusión dos días nos que o traballador estivo de baixa médica, ao

considerar que durante ese tempo non existía exposición ao risco, cuestión tamén rexeitada na instancia.

A sentenza do TSX de Galicia obxecto desta recensión desestima o recurso de suplicación e confirma integramente a sentenza de instancia. Desde un punto de vista xurídico, a análise da Sala artículase arredor de tres cuestións principais: a valoración da proba en relación coa exposición ao amianto, o criterio de cómputo do tempo de exposición para repartir a responsabilidade entre as entidades aseguradoras e a aplicación da doutrina do Tribunal Supremo nos supostos de enfermidades profesionais.

– Sobre a valoración da proba no que se refire á exposición ao risco, neste caso, ao amianto.

A recorrente alega que non existe proba suficiente de que o traballador estivese exposto ao amianto durante o seu período de actividade na empresa Metalúrgica del Atlántico, S.L., asegurada con Ibermutua. Para soste a súa tese, invoca a non inclusión desta empresa no Rexistro de Empresas con Risco por Amianto (RERA), así como un informe pericial emitido por un técnico de prevención de riscos laborais.

A Sala descarta esta argumentación ao entender que, conforme ao artigo 217 da LEC, corresponde á propia Ibermutua probar a inexistencia de exposición ao amianto, carga que non cumpriu. De feito, o informe pericial non nega de forma categórica tal exposición e admite incluso que a empresa puido ter traballado en instalacións navais, principal foco de risco na comarca de Ferrolterra. Ademais, valóranse outros elementos probatorios, como o historial clínico do traballador, no que el mesmo refire ter traballado durante dez anos en Astano ou en empresas auxiliares vinculadas, en tarefas que implicaban contacto directo co amianto.

– Cómputo do tempo de exposición e días de IT.

Outro dos motivos do recurso expón que deben excluírse do

cómputo os días nos que o traballador, dentro do período cuberto por Ibermutua, estivo en situación de IT, en concreto, 16 días, alegando que durante ese tempo non existía exposición efectiva ao risco.

A Sala galega, acertadamente, rexeita tamén esta pretensión, argumentando que a EP, a diferenza do AT, non se produce nun momento concreto, senón que se xesta progresivamente durante a vida laboral. Así o ten recoñecido reiteradamente a xurisprudencia do Tribunal Supremo — entre outras, as SSTS do 24 de abril de 2018 (r.c.u.d. 2585/2016) e do 13 de outubro de 2020 (r.c.u.d. 3947/2017)— ao afirmar que a exposición ao axente nocivo é un proceso continuo e acumulativo. Polo tanto, non resulta xuridicamente admisible excluír do cómputo os días de suspensión da relación laboral por IT, pois o feito causante da enfermidade non se localiza nun momento preciso, senón que se desenvolve lentamente durante toda a etapa de exposición.

– Doutrina xurisprudencial aplicable en casos de concorrencia de entidades aseguradoras.

Con todo, o núcleo do razoamento xurídico da sentenza galega reside na correcta aplicación da doutrina do TS sobre o reparto de responsabilidades prestacionais en supostos de sucesión de aseguradoras ante enfermidades profesionais de desenvolvemento prolongado, que comparte co anterior o seu argumento de fondo, a saber: a EP como continxencia que se xesta e desenvolve progresivamente durante períodos máis ou menos longos da vida laboral da persoa afectada.

Neste sentido, fronte á tese de Ibermutua, a recorrente, de que debía ser exonerada de responsabilidade ou, subsidiariamente, que se reduxese a súa porcentaxe, o TSX de Galicia lembra que a xurisprudencia do TS impón un criterio obxectivo de distribución da responsabilidade entre as entidades aseguradoras en proporción ao tempo de exposición ao risco, e non en función do momento do diagnóstico ou da alta médica. Como se vén de explicar, este

criterio baséase en que, nas enfermidades profesionais de evolución lenta, como o mesotelioma pleural derivado do amianto, non existe un momento único identificable como causa exclusiva do dano, senón un proceso acumulativo ao longo do tempo de traballo. A xurisprudencia da que parte o TSX de Galicia está representada polas seguintes sentenzas: SSTS do 12 de marzo de 2013 (r.c.u.d. núm. 1959/2012), do 4 de marzo de 2014 (r.c.u.d. núm. 151/2013) e do 6 de marzo de 2014 (r.c.u.d. núm. 126/2013), que sintetiza do seguinte modo:

- O feito causante nestes casos non se produce nun único instante.
- A exposición prolongada aos axentes patóxenos (como o amianto) é o que orixina a enfermidade.
- O reparto de responsabilidade debe facerse en proporción ao tempo de exposición ao risco baixo cada aseguradora, mesmo cando se produza unha interrupción temporal da actividade laboral ou se trate de empresas non inscritas en rexistros específicos de risco.

Polo tanto, a Sala conclúe que non procede modificar a distribución de responsabilidade acordada na instancia, nin alterar os porcentaxes asignados, nin eliminar a Ibermutua do reparto, ao non terse probado de forma inequívoca a súa falta de vinculación co risco laboral.

Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Social) do 28 de novembro de 2024 (recurso de suplicación núm. 1608/2024).

RESUMO: desestimación do recurso dun traballador con silicosis que solicitaba unha indemnización maior e a condena solidaria de todas as empresas. O TSX de Galicia confirma a responsabilidade só de dúas empregadoras, rexeita o recargo por falta de proba clara de infracción preventiva e limita a indemnización ao previsto no convenio colectivo.

NORMAS APLICADAS:

Art. 164 LGSS.

Art. 193 LRXS.

Art. 1902 CC.

A sentenza que nos ocupa resolve un recurso de suplicación interposto por un traballador afectado de silicosis de grao 2, recoñecida como enfermidade profesional (EP), fronte á desestimación parcial da súa demanda de responsabilidade civil por danos e prexuízos. O obxecto principal do recurso era obter unha condena máis ampla que implicase a totalidade das empresas para as que traballou ao longo de case tres décadas, así como unha indemnización sensiblemente superior á recoñecida en instancia. A Sala galega, porén, desestima o recurso na súa integridade, confirmando a sentenza do xulgado de Vigo, que declarara unicamente a responsabilidade de dúas das múltiples empresas codemandadas.

O interese xurídico do pronunciamento é evidente, pois permite reflexionar sobre varios temas centrais do Dereito do Traballo e da Seguridade Social: a delimitación da responsabilidade empresarial polas enfermidades profesionais, a función e natureza do recargo de prestacións do art. 164 da LGSS, a valoración das medidas preventivas e o alcance da tutela resarcitoria cando concorren múltiples empregadores sucesivos nun mesmo proceso patolóxico.

O punto de partida do litixio é a declaración de incapacidade permanente total (IPT) por silicosis, enfermidade profesional estreitamente vinculada a traballos prolongados en contacto con po de sílice, en sectores como a cantería ou a transformación de granito. A normativa aplicable a este risco profesional é especialmente extensa e rigorosa, debido ao coñecemento consolidado da gravidade da patoloxía e do seu carácter progresivo e dexenerativo.

O artigo 164 da LGSS establece que o recargo de prestacións procede cando o accidente ou a enfermidade profesional se produce por ausencia de medios de protección regulamentarios ou pola inobservancia de medidas de seguridade e hixiene. A xurisprudencia ten precisado os

requisitos: existencia de sinistro laboral, infracción preventiva, nexo causal e dano.

Neste caso, o traballador achegou indicios suficientes de ter estado exposto de maneira constante a po de sílice en todas as empresas. Porén, o TSX de Galicia entende que a maioría das empresas cumpriron formalmente coas obrigas preventivas, achegando probas da entrega de EPIs, plans de prevención, medicións ambientais e recoñecementos médicos. Con todo, cómpre preguntarse se tales medidas foron realmente axeitadas, eficaces e constantes, ou se se trataba dunha documentación protocolaria sen traslado efectivo ao posto de traballo concreto. A dificultade probatoria do traballador, neste tipo de contextos de exposición prolongada e sucesiva, resulta patente.

Neste sentido, a Sala reitera unha liña xurisprudencial restritiva sobre o recargo de prestacións. Esixe proba clara da infracción empresarial e descarta inferencias ou presuncións, mesmo en supostos onde o traballador non pode achegar máis que documentación fragmentaria de cada unha das súas relacións laborais pasadas.

Esquéceselle aquí, en certo modo, o carácter tuitivo do recargo, cuxa finalidade non é só resarcitoria, senón tamén sancionadora e disuasoria, como reiterou o Tribunal Supremo (por todas, STS do 11 de xuño de 2008, r.c.u.d. 1663/2007). Desde esta óptica, a constatación de que o traballador desenvolveu unha EP evitable, nun contorno onde o risco era coñecido e regulamentariamente regulado, debería operar como un indicio reforzado de insuficiencia preventiva. Non abonda con exhibir documentos de entrega de máscaras. Debería acreditarse que o seu uso era esixido, controlado e eficaz.

O segundo eixo da discusión é a contía da indemnización. O actor solicita 275.813,14 €, conforme ao baremo de accidentes de tráfico do ano 2015, mentres que a sentenza ratifica a aplicación orientativa do previsto no convenio colectivo de aplicación (52.000 €).

Aínda que o baremo de tráfico non é vinculante no ámbito laboral, a súa aplicación foi admitida crecente como referencia obxectiva e sistemática para valorar danos persoais, especialmente cando se trata de incapacidades permanentes. O TSX de Galicia descarta o seu uso neste caso por considerar axeitada a contía recoñecida. Porén, a sentenza non entra a valorar se dita contía resulta proporcional ao dano sufrido, nin se responde ao principio de reparación integral do prexuízo, como esixe o artigo 1902 do CC. Isto pode xerar certa indefensión ou, cando menos, unha compensación insuficiente para lesións permanentes derivadas de infracción empresarial.

Outro punto especialmente relevante é a atribución da responsabilidade de forma mancomunada e non solidaria a todas as empresas implicadas, o que obriga o traballador a exercer accións separadas fronte a cada empresa para reclamar a súa parte proporcional. A Sala baséase na posibilidade de individualizar as responsabilidades segundo o tempo de exposición ao risco en cada empresa. Porén, esta solución, aínda que tecnicamente coherente, traslada ao traballador a carga dunha execución complexa, nun contexto xa de por si vulnerable, ao tratarse dunha vítima dunha enfermidade profesional incapacitante. A xurisprudencia admitiu a solidariedade en casos de responsabilidade compartida cando non é posible unha delimitación clara ou cando existen déficits preventivos concorrentes. Unha aplicación máis flexible do principio de solidariedade permitiría evitar dilacións e desprotección.

En síntese, a sentenza comentada ofrece un exemplo representativo das dificultades ás que se enfronta un traballador que reclama danos por enfermidade profesional derivada de múltiples exposicións laborais. O enfoque estritamente probatorio da Sala e a súa interpretación limitada do artigo 164 da LGSS conducen a unha tutela resarcitoria parcial, que podería resultar insuficiente á luz do principio de protección da saúde no traballo (art. 40.2 CE e art. 14 da LPRL).